

IMPERIUM CIVITAS

De certo é o mellor xogo de simulación e estratexia con trasfondo histórico que hai no mercado. Esquecede as loitas e os inimigos que queren destruír as vosas civilizacións.

No Imperium Civitas es un administrador romano ao encargan converter unha pequena aldea nunha próspera cidade. No has de temer a exércitos estranxeiros, senón ás pragas e as enfermidades da túa poboación, ó seu descontento por non ter auga cerca das súas casas ou á falta de materias primas para construír máis edificios.

O xogo ten certa complexidade pero a medida que avanzas nas partidas o mecanismo tórnase máis sinxelo.

Contenta á túa xente con templos para que recen aos deuses, dálles panem et circenses (pan e circo) e a poboación hate converter nun auténtico César. Coidado cós incendios ou perderás a cidade e moito ollo có trato que das aos escravos: se teñen traballo de máis constrúen máis amodo e os cidadáns protestan.

Funda colonias ou engrandece a mesma Roma. Ti decides

Na segunda versión Imperium Civitas II, terás que controlar, ademais a economía de cada unha das familias que viven na túa cidade. Coida que non falte traballo ou terás que facer fronte a revoltas sociais



Aquí tes unha captura de pantalla dunha partida xa avanzada

Esta outra pertence ao Imperium Civitas II

